

AUTORIZACIÓN DE ACCESO AOS FICHEIROS DE DATOS

D. / D.ª _____ ,

como responsable da dirección do centro/servizo/unidade _____

AUTORIZO a _____ ,

alumno/a da Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago (EUTS), que desenvolve a súa formación práctica neste centro/servizo/unidade e/ou Traballo de Fin de Grao vinculado ao mesmo,

ao acceso ao/s ficheiro/s de datos das persoas atendidas no centro/servizo/unidade, coa/s finalidade/s de desenvolver a actividade formativa especificada no seu Proxecto Formativo de Prácticas, conforme ao convenio asinado entre o centro, a EUTS e a Universidade de Santiago, e/ou a actividade investigadora prevista no Proxecto de Traballo de Fin de Grao titorizado polo profesor/a titor/a da EUTS.

Dito acceso faise necesario por mor de dar cumprimento ás actividades académicas descritas, e realízase baixo a supervisión directa do persoal do centro de prácticas responsable da súa formación.

Esta autorización terá os límites temporais que se axusten ao desenvolvemento da/s finalidade/s prevista/s.

En _____ , a _____ de _____ de 2019

Asdo:

Información básica de protección de datos: INFÓRMASE que os datos aportados inclúense na actividade de tratamento "Practicum do Grao" e "Traballo de Fin de Grao" das que é responsable a *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*, coa finalidade de xestionar o desenvolvemento do Practicum e/ou TFG na EUTS, tendo como base xurídica a normativa que regula os estudos universitarios e o consentimento. Os datos aportados manteranse o tempo requirido, e en tanto non se solicite a supresión. Comunicaranse os datos entre a EUTS e aos centros colaboradores de prácticas. Infórmase do dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos que se expoñen na información adicional.

Dou o meu **CONSENTIMENTO** de maneira expresa e inequívoca, á *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales* para o tratamento dos datos aportados para o cumprimento das finalidades que se describen na información adicional que se detalla no reverso deste impreso.

Información adicional detállase na reverso deste impreso.

Información adicional de protección de datos

Responsable	Datos de contacto	Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales, G-15666514 Edificio San Martín Pinarío. Praza da Inmaculada 5-3º 15704, Santiago de Compostela 981 58 35 86 secretaria@euts.es
Finalidade	Descrición ampliada	O tratamento ten como finalidade a xestión do acceso do alumnado aos ficheiros de datos dos centros colaboradores da EUTS, para o desenvolvemento do Practicum e o Traballo de Fin de Grao.
	Prazos ou criterios conservación dos datos	Os datos proporcionados conservaranse mentres se manteña a relación coa entidade, ou durante os anos necesarios para cumprir as obrigas legais
Lexitimación	Detalle da base xurídica	- Consentimento da persoa interesada (Artigo 6.1.a Regulamento Xeral de Protección de Datos). - Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades. - Lei 6/2013, do 13 de xullo, do Sistema universitario de Galicia.
	Obriga de facilitar ou non os datos, e consecuencias de non facelo	A achega da información solicitada é de carácter obrigatorio, a negativa a proporcionar, implicaría a imposibilidade do cumprimento da finalidade.
Destinatarios	Destinatarios ou categorías de destinatarios	Os datos comunicaranse á Comisión de Título de Grao na EUTS
Dereitos	Exercicio dos dereitos	Dereito a obter confirmación sobre si se están tratando os datos persoais que lle concirnen, ou non; dereito a acceder a os seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión cando, entre outros motivos xa non sexan necesario para a finalidade pola que foron recollidos. En determinadas circunstancias poderase solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente se conservarán para o exercicio ou defensa de reclamacións. Por motivos relacionados coa situación particular poderase opoñer o tratamento dos seus datos, neste caso deixarase de tratar os mesmos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, o exercicio ou defensa de reclamacións. Os dereitos exercitaranse ante o responsable do tratamento, a través dun escrito asinado ao efecto e achegando fotocopia de DNI.
	Dereito a retirar o consentimento prestado	Poderase retirar o consentimento informado en calquera momento sen que isto afecte á licitude do tratamento baseado no consentimento previo a súa retirada.
	Dereito a reclamar ante a AEPD	Poderase presentar unha reclamación ante AEPD, especialmente cando non obtivese satisfacción no exercicio dos dereitos, no seguinte enderezo. http://www.agpd.es/portalwebAGPD/CanalDelCiudadano/derechos/principales_derchos/index-ides-idphp.php .
Procedencia	Orixe dos datos	Propias persoas interesadas.
	Categorías de datos que se traten	Datos de identificación e académicos.

Asdo.: